

EXPOSICIÓN

Arquivo da Matéria Viva

CIS Tecnoloxía e Deseño

Ata o 26 de novembro

Durante este mes de novembro no CIS Tecnoloxía e Deseño pode visitarse a exposición *Arquivo da Matéria Viva*, organizada pola esad-idea e a Porto Design Biennale no marco do Programa de Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade 2024 — DIFERENZA da Xunta de Galicia. Esta mostra poderá visitarse de martes a venres en horario de 10.30 a 15.00 h ou previa cita para grupos dun mínimo de 6 persoas os luns e en horario de tarde. A exposición pode ser visitada até o 26 de novembro.

Inspirada no libro *Vibrant Matter*, de Jane Bennett, *Arquivo da Matéria Viva* pide que prestemos atención e nos sintonicemos coas nosas materialidades locais biolóxicas, técnicas e híbridas como un acto de coidado propio, doutros seres vivos, os chans, a auga e a xeoloxía.

Arquivo da Matéria Viva empúxanos a adoptar actitudes radicais, pero sinxelas, para que podamos deseñar colectivamente materiais preferibles do futuro que nos rexeneren a nós mesmos, as nosas comunidades e os nosos hábitats terrestres, acuáticos e mariños.

En palabras do comisario Alastair Fuad-Luke, “vemos todos os materiais, incluídos os residuos como “nutrientes” no contexto de ciclos curtos, longos ou moi longos dispoñibles en todas as formas de vida. Baseámonos en memorias culturais e novas experiencias materiais para reactivar os nosos coñecementos, sensoriais e outros, acerca das nosas materialidades locais. A partir de exploracións nos territorios locais das cidades podemos descubrir materiais, identificar mundos habitados de materia e buscar novas relacións íntimas coa nosa terra e os nosos ríos e mares. Esta exposición fálanos de memorias materiais e novas experiencias, móstranos prácticas materiais e axúdanos a construír un arquivo de materia viva en colaboración con deseñadores, especialistas locais e cidadáns”.

Esta exposición anímanos a ser “exploradores” materiais e conéctanos coa realidade do mundo desde o territorio, a materia e a identidade, en liña cos anhelos do desenvolvemento sustentable.

Esta exposición está vinculada á Materioteca de Galicia, escaparate para a catalogación e transferencia dos novos materiais desenvolvidos por universidades, centros tecnolóxicos e de investigación e empresas de Galicia; un lugar de inspiración, formación e procura de solucións para diferentes sectores e no ámbito dos materiais, que está dispoñible así mesmo para visitar nas instalacións do CIS Tecnoloxía e Deseño.



MÁIS INFORMACIÓN:

+34 981 337 133

infocistd.gain@xunta.gal

Horario de martes a venres de 10.30 a 15.00 h

Luns e tardes concertar previa cita para grupos superiores a 6 persoas



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 21-22

Porto.



matosinhos

esad—idea

D I D A C